

EDITORIAL

Como comezo deste editorial quero facer constar unha mención especial ao profesor Don Ramón Otero Túñez, recentemente falecido, que foi durante moito tempo director do departamento de Historia da Arte, así como decano e principal promotor da existencia desta licenciatura dentro da Facultade de Xeografía e Historia. Vaia desde aquí unha sentida lembranza para o que fora profesor de moitos dos que hoxe formamos parte deste departamento.

Máis alá das conxunturas actuais, a idea de adicar este número da revista QUINTANA ás relacións artísticas entre España e Portugal semellaba inaplazable atendendo á posición e vocación atlánticas que compartimos desde fai séculos. Así, baixo o Tema monográfico "A balsa de pedra: España e Portugal", sae do prelo este número 9 da revista que, como en anteriores volumes, aspira a combinar a proxección máis internacional coas achegas nos temas artísticos do ámbito de Galicia. Nesta ocasión, para a análise das relacións artísticas establecidas entre España e Portugal ao longo do tempo contamos coas aportacións de especialistas como Luis Urbano de Oliveira Afonso, Antonio Filipe Pimentel e Francisco Javier Pizarro, abordando anovadores enfoques sobre as artes suntuarias na Idade Media portuguesa, o aparato cerimonial que rodeou o intercambio de princesas ibéricas do ano 1729, e o desenvolvemento urbano da vila fronteiriza de Olivenza.

En canto a sección de Colaboracións, cómpre destacar o esforzo dalgúns investigadores por abordar este mesmo tema das relacións artísticas entre España e Portugal, como se pode comprobar cos artigos escritos por Paula Machado, María del Mar Rodríguez ou Isabel Sempere, que teñen por temas a actividade dos canteiros galegos na zona do Lima, a difusión da arte contemporánea en España e Portugal ou as diferentes versións dun filme de Ladislao Vajda. O resto dos artigos achegan unha pluralidade de visións, con investigacións orixinais sobre a pintura flamenca, a posesión e colección artística da casa ducal do Infantado, a arte galega nos anos da Transición, a teoría da mímese en Platón ou as evocacións míticas de Hércules no Pórtico da Gloria.

A recuperación de textos inéditos ou pouco coñecidos sobre a arte galega na sección Escritos sobre... ten nesta ocasión un protagonista vivo, o empresario, artista e intelectual Isaac Díaz Pardo, ao que pretendemos render esta homenaxe e recoñecemento a toda unha vida de traballo pola cultura en Galicia. Grazas aos recordos e prodixiosa memoria de Isaac foi posible rescatar, e atribuírille, un combativo artigo publicado na revista "Galicia Emigrante" para denunciar o intento de trasladar a fachada da igrexa monástica de Monfero para unha das novas parroquias da Coruña da posguerra.

Na sección de Feitos e tendencias pódense atopar as reseñas de dúas exposicións de moi diferente contido: por unha banda a adicada á figura de Diego Xelmírez, celebrada en Santiago, París e Roma, que foi sen dúbida un dos eventos máis importantes do pasado Xacobeo, e, por outra, a celebrada no MEIAC de Badajoz, "Suroeste. Relaciones literarias y artísticas entre Portugal y España 1890-1936", mostra que reflicte o mapa conxunto de interseccións e contactos entre ambos os dous países, desde logo moi pertinente para o contido deste número de QUINTANA.

Entre os recoñecementos á calidade que a revista está alcanzando quero subliñar a invitación para figurar na base de datos SCOPUS, un dos maiores repositorios de investigación científica do mundo, sen esquecer a cada vez máis numerosa achega de colaboracións de investigadores de todo o ámbito nacional. O xeneroso apoio da Deputación Provincial de A Coruña, que unha vez máis fixo posible a edición deste novo número, ten polo tanto o noso xustificadamente agradecemento.

M^a Luisa Sobrino Manzanares
Directora de QUINTANA